

Normativa sobre autoría de traballos prácticos (Aprobado por Xunta de Escola de 26-10-2006)

Unha das ferramentas para incorporar con máis efectividade o sistema de ensino-aprendizaxe é a realización de traballos prácticos como sistema de aprendizaxe e tamén como sistema de avaliación.

Á hora de valorar estes traballos detéctase que, en xeral, a importancia cuantitativa sobre a nota final é escasa o que redunda na desmotivación dos estudantes e da infrautilización do sistema. Por parte dos profesores existe a sospeita que algúns alumnos poden copiar os traballos, ben doutros compañeiros do mesmo curso, de cursos anteriores ou ben doutras fontes, basicamente vía internet e por esta razón a valoración dos traballos vese moi afectada.

De cara a fomentar a importancia relativa dos traballos prácticos e tamén de subliñar os aspectos éticos na autoría de traballos a Xunta de Escola, en data de 26 de outubro de 2006 aproba a seguinte norma para a garantir a autoría dos traballos prácticos.

- 1.- O plaxio de traballos resulta eticamente inaceptable e academicamente rexeitable.
- 2.- A copia de traballos, sen referenciar as fontes, terá unha consideración similar a copiar nun exame.
- 3.- O profesor que detecte fiablemente que un alumno copiou un traballo que presenta como propio pode suspender ó alumno ou repercutilo na nota final nesa materia e convocatoria, ó igual que sucedería cando se detecta a copia nun exame.
- 4.- O Profesor enviará notificación deste feito á Comisión da Titulación que, en caso que detecte reincidencia, poderá notificalo á Dirección da Escola para os efectos oportunos
- 5.- A Comisión de Titulación estudiará a posible reclamación do alumno implicado en caso de estar en desacordo coa apreciación do Profesor.